

III. A pintura do Cinquecento (1)

Leonardo da Vinci (1452-1519)

A. **A Virxe das Rochas**

B. **A Gioconda**

A. **A Virxe das Rochas**

1. Clasificación

Nome: A Virxe das rochas

Autor: Leonardo da Vinci

Cronoloxía da obra: 1483-86

Estilo: pintura renacentista do Cinquecento

Xénero: relixioso

Técnica: óleo sobre táboa

Localización: París, museo do Louvre.

Comitente: encargo da confraría milanesa da Inmaculada Concepción para a súa capela na igrexa de S. Francisco o Grande de Milán.

2. Contexto histórico-artístico. Vale o contexto xeral do Cinquecento do tema I

Características xerais da pintura desta etapa (páxs.231-232 do libro)

- Xeneralízase o uso do óleo
- Predominio de composicións pechadas e que forman figuras xeométricas.
- Idealización das representacións
- Representación dos sentimientos
- Importancia crecente da cor e do tratamiento lumínico dos rostros
- Desenvolvemento da paisaxe

Características da obra de Leonardo. Formouse no taller de Andrea Verrocchio e desde moi novo desmarcarase do estilo do mestre. A súa obra fundamental recóllese en miles de apuntes e debuxos, e das súas pinturas só se conservan unhas quince, algunas danadas sen posible arranxo.

- "MODERNIDADE", ruptura cos usos pictóricos do momento que permiten clasificalo como un pintor adiantado ao seu tempo.
- Copia da natureza por un lado e "INVENCIÓN" polo outro, entendendo por este termo o AFASTAMENTO DE MODELOS ANTERIORES, o non seguir ao pé da letra os esquemas estéticos ao uso.
- Paixón pola **realidade** e curiosidade pola aparencia da **natureza** que van constituír a súa principal característica.
- Outra idea fundamental da pintura leonardesca, a do "**transcurso**": un instante que parece detido na escena principal mentres o resto do mundo continúa a súa marcha sen preocuparse dese acontecemento concreto.
- **As paisaxes "leonardescas"**, cheas dunha especial bruma crepuscular, ofrecen ao espectador unha solución diferente e persoal, unha vez máis a medio camiño entre a "invención" e a copia fidedigna da natureza. As súas paisaxes en nada se asemellan ás más usuais da pintura do Quattrocento nas que adoitaban representarse outeiros redondeados con árbores simetricamente colocadas. As paisaxes leonardescas, azuladas a medida que se afasta a mirada -norma de composición que sistematizará o mestre-, están salpicadas por rochas misteriosas e cheas dunha abundancia de detalles naturalistas impensables para os convencionalismos da época. Representa as plantas como

Renacemento. Cinquecento

seres vivos que poden e deben ser observados e debuxados de xeito realista, e que nada ten que ver co modo mecánico en que os contemporáneos (Botticelli na súa "Primavera", por exemplo) van colocando flores e plantas sobre unha imaxinaria alfombra.

3. Análise e comentario

Breve historia da obra: a "Virxe das Rochas" foi desde fai tempo motivo de controversia por mor da existencia de dúas versións, unha no Louvre e outra na National Gallery de Londres. A causa disto parece estar nun longo preito entre os comitentes e Leonardo, polo que este vendeu a 1^a obra (a de París) a un cliente privado e despois debeu volver realizar unha 2^a versión (a de Londres) que non é totalmente da súa autoría. Hai claras diferenzas entre as dúas obras: na versión do Louvre, o anxo apunta a Xoán e, cun leve sorriso, mira lixeiramente cara ao espectador. Este xesto falta na versión londinense, na que o anxo mira ao neno e non fai ningún sinal co dedo. Outras diferenzas: na da Londres aparecen atributos que faltan na do Louvre, como os halos e a tradicional vara cruciforme de Xoán, as plantas aparecen descritas de forma sinxela e repetitiva.

Contido iconográfico: Leonardo elixiu pintar un momento apócrifo da infancia de Cristo, cando Xoán o Bautista, orfo, refuxiado dentro dunha gruta e protexido por un anxo, atopa á Sagrada Familia na súa fuxida a Exipto. A escena representa á Virxe, Xesús en ademán de bendicir, San Xoán orante e un anxo. A táboa móstranos a escena coma se dun arco de medio punto se tratase. O deserto tradicional onde se sitúa o encontro do grupo é substituído por un decorado no que as rochas crean unha perfecta arquitectura natural adornada coas plantas que nela xorden e que recibe vida a través da auga que é tamén foco de luz. A primeira versión mostra algunas ambigüidades, que foron comentadas moito polos especialistas: a identidade dos personaxes pode en efecto parecer escura por mor da ausencia de atributos e da importancia do pequeno Xoán, colocado á beira da Virxe, designado polo dedo do anxo e bendicido por Xesús.

Composición: a composición é unha perfecta mostra do equilibrio clasicista que acabará impóndose no século XVI, sobre todo coas obras de Rafael, admirador de Leonardo. A composición pechada enmárcase nunha pirámide, cuxo vértice superior sería a cabeza da Virxe, que está ladeada e oculta as súas formas corporais baixo amplas roupaxes e que, nun perfecto escorzo estende a súa man sobre a cabeza de Xesús. Á dereita da composición, un anxo coas ás despregadas sinala ao neno San Xoán, ao que a Virxe acolle coa súa outra man, situado á esquerda da escena. O anxo vólvese cara a fóra, buscando unha relación co exterior do cadro. O Bautista, en posición orante, rende adoración ao Mesías. Como bo home do Renacemento, a pureza dos nenos queda manifesta polo seu espido, e pola luz emanada dos seus corpos. Esta composición xeométrica piramidal non limita os movementos dos personaxes, nin a articulación dos seus xestos, a superposición das mans e o xogo das miradas. A natureza das actitudes das figuras así como a presenza da paisaxe dominada polos elementos minerais, son moi innovadoras comparadas coas arquitecturas finxidas e coas posturas bastante hieráticas dos retablos dessa época.

Cor: contrasta o uso de cores frías (azul, verde) e cálidas (laranja, marróns) que dan vitalidade ás persoas e achegan os obxectos.

Tratamento da luz: é característico de Leonardo o uso dun dobre foco de luz, un principal, que ven de fóra e ilumina as figuras do primeiro plano, e outro

Renacemento. Cinquecento

secundario, no interior, que recorta as figuras sobre o fondo e unifica o ceo e a abertura da cova. Utiliza a técnica do claroscuro na que a luz é creadora de sombras e mediante a perspectiva aérea disecciona o espazo en tres puntos, dous nos lados do horizonte e outro cara abaixo. O debuxo toma unha intensidade nova grazas á luz difusa que naturalmente esvaece os contornos sen debilitar o modelado das carnes.


As figuras están cheas dun profundo simbolismo logrado pola técnica do esfumato, entendido este como a capacidade simultánea óptica e pictórica de antepor, entre o que mira e as formas, o veo inmaterial aínda que perceptible da atmosfera. Para Leonardo a luz non se concibe como unha gradación paulatina de cores en tons distintos, senón como unha lenta fusión do negro e do branco, dando lugar ao seu característico claroscuro. Así, o esfumato logra crear unha superficie suavemente aveludada que funde figura e ambiente e que ademais rodea o cadro cun halo de misterio, aparte de fundir así figura e paisaxe sen transicións bruscas de luz co que as sombras fúndense gradualmente e desaparecen os perfís.

O seu realismo idealizado chega a unha minuciosidade tal que nos recorda a Van Eyck no tratamento das teas e, en especial, nas plantas.

Trazos do estilo. Na "Virxe das Rochas" Leonardo perfecciona:

1. A **composición piramidal**
2. O "**sfumato**", a técnica que consiste en sombrear as figuras e diluílas mediante claroscuros no espazo.
3. As súas investigacións e observacións sobre a superación da perspectiva científica Quattrocentista mediante a denominada "**perspectiva aérea**", baseada na importancia que adquire a atmosfera e simplificada na fórmula: "*canto más nos afastamos dun lugar, as formas faranse menos nidas e as cores más azuis*".

A Virxe das Rochas



B. A Gioconda

Imaxe: pág. 234 do libro

1. Clasificación

Nome: A Gioconda ou Monna Lisa

Cronoloxía da obra: 1503-1505

Estilo: pintura renacentista do Cinquecento

Técnica: óleo sobre táboa (panel de álamo)

Xénero: retrato

Localización: París, museo do Louvre

2. Análise e comentario

Contido iconográfico: non existe a menor información acerca do encargo do retrato de A Gioconda, a súa elaboración e pago. Giorgio Vasari, un dos primeiros biógrafos de Leonardo, indica que este realizou para Francesco del Giocondo o retrato da súa esposa Monna Lisa ou Lisa Gherardini, segundo a seu nome de solteira. O nacemento do seu terceiro fillo, en decembro de 1502, e a adquisición dunha casa constituíron as circunstancias ideais para o encargo do retrato.

Trátase do retrato dunha muller situada nunha terraza limitada por un parapeto e dúas columniñas das que so vemos parte das bases e dos fustes. Monna Lisa está sentada nunha cadeira de madeira de forma semicircular con repousabrazos e barrotes. Está vista xusto ata debaixo do talle, os brazos dobrados, o busto xirado á dereita cara ao espectador, a cabeza case de fronte, pero a mirada de lado. Cruza as mans, a dereita sobre o pulso esquerdo, e a man esquerda ao longo do remate da balaustrada da cadeira.

Monna Lisa está vestida cunha roupa severa moi escura, plisada na parte dianteira con fíos de ouro que forman entrelazos. Mostra descuberto o colo e parte do peito. Non leva ningunha xoia. Un manto descende polo seu ombreiro esquerdo e as mangas amareladas da roupa forman numerosas pregas sobre os seus antebrazos. Leva un velo sobre os seus cabelos soltos. O seu aspecto é estrañamente sobrio en referencia aos roupaxes pintados na mesma época.

Composición: a figura feminina centraliza a composición, especialmente o seu rostro, predomina o eixo vertical que atravesa a figura dividíndoa en dúas metades perfectas. Tamén encontramos un eixo horizontal á altura dos seus ombros. Podemos sinalar que a figura da muller pode ser esquematizada mediante un sinxelo triángulo. Parte da maxia do cadro áchase no preciso da composición, no sumo coidado co que o artista calculou cada un dos eixos. Unha técnica depuradísima na que nada se deixa ao azar, un control sobre o espazo e o movemento no espazo, sobre a luz e as tebras.

Fondo: o rostro de Monna Lisa se destaca sobre un fondo formado por dúas partes superpostas: unha paisaxe humanizada e unha paisaxe imaxinaria. A paisaxe supón unha vista a ollo de paxaro mentres que a figura se deixa ver de xeito frontal. Sen embargo, unha harmonía se establece entre a figura e a paisaxe. O balcón no que se atopa Monna Lisa articula sutilmente eses dous puntos de vista radicalmente opostos.

Tratamento da luz: Leonardo recorre exclusivamente á luz para definir os volumes, crear os modelos e suxerir as distancias. Os contornos están suavizados, *esfumados*, disoltos na sombra e incluso na luz. O artista suprime contrastes e límites, unindo, tal como sucede na natureza, o claro e o escuro. Luces e sombras que serven para modelar un rostro que o domina todo.

Renacemento. Cinquecento

Cor: A gama das cores non consiste máis ca nunha transición modulada do azul do ceo ao amarelo das mangas, mediante o procedemento de intercalar incontables variedades de grises, marróns, vermellos e ocres; unha limitación significativa aos tons dos elementos aéreos ou minerais.

Tratamento do rostro: cara delicadamente pintada a través dun utilísimo *sfumato* que une as cellas ao nariz e o nariz á boca, cuxas comisuras conservan, a pesar do sorriso, un pouco de melancolía. Máximo expoñente do retrato leonardesco no que os resgos se determinan e indeterminan á vez. Unha das obras más delicadas de Leonardo e que mellor recolle algúns dos eixos fundamentais do seu estilo de beleza melancólica. Modelado suave, tímido *sfumato*, que esconde os trazos fundamentais, amortéceos contrariamente ao que sucede con algúns dos seus contemporáneos. No entanto, aínda que ese esvaecido dos trazos borra información específica dos que pousan, ao tempo, na súa forma de romper coas convencións, nos seus usos psicolóxicos da paisaxe e o seu xeito maxistral de "crear atmosfera", a mirada recibe outro tipo de información que recupera certa intensidade de parecido ausente noutros retratistas da época.

Paisaxe: típica paisaxe que mantén ese difícil equilibrio entre copia fidedigna e invención fantástica, volve ser símbolo case psicológico: a cara salvaxe da natureza coas rochas, as grutas, as forzas naturais incontidas que tan gratas parecerían ao pintor e que tanto contrastan coa calma triste desa Gioconda que sorrí. Paisaxe leonardesca utilizada como fondo "psicológico" da composición.
